

## **PROGRAMA ELECTORAL DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS**

Os ensinos de idiomas, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, capacitan ao alumnado para o uso das diferentes linguas.

Actualmente o coñecemento e dominio de idiomas estranxeiros converteuse nunha prioridade porque permite á cidadanía aproveitar as vantaxes da libre circulación, a mobilidade e a integración noutros países, xa sexa con fins formativos, culturais ou profesionais. A adquisición de competencias comunicativas lingüísticas distintas á propia contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional.

É necesario unha revisión da situación en que se atopan as Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), así como unha actualización en canto á optimización dos seus recursos.

### **UXT esixe as seguintes medidas:**

- **Redución da carga lectiva a 18 horas**
- Redución de tarefas burocráticas que sobrecargan o labor docente.
- Mantemento e extensión da rede de EOI e a dotación de prazas suficientes.
- Esixencia dunha cociente máxima de 15 alumnos por grupo.
- Seguir potenciando distintas modalidades de ensino: presencial, semipresenciais, así como o desenvolvemento de plataformas dixitais e outras modalidades.
- Redefinición do mapa escolar das EOI para lograr o equilibrio entre necesidades e persoais, chegando así a unha boa distribución de efectivos.
- Ampliación e flexibilización da oferta de idiomas das EOI.
- Elaboración dun Regulamento Orgánico de Centro específico de EOI.
- Aumento do número de prazas en EOI na Oferta de Emprego Pública.
- Formación específica acorde ás necesidades do profesorado de EOI, no seu horario laboral. Hai moi poucos foros onde as EOIs estean presentes como colectivo,
- Lexislación específica para EOI, moitas veces as EOIs teñen que rexirse por lexislacións de secundaria que non veñen ao caso.
- As probas de certificación do alumnado libre son agora en febreiro. Iso significa que o alumnado oficial perde clases porque o profesorado non pode desdoblarse. Mentres administran probas, non dan clases. Aínda que

enviaron profesorado de apoio, non teñen formación suficiente. Algúns nunca pisaron unha EOI e descoñecen as probas. Por outra banda, as probas de setembro dos alumnos oficiais suspensos pasaron a finais de xuño. Convocatoria ordinaria primeira quincena de xuño e convocatoria extraordinaria segunda quincena de xuño (o que antes era setembro). Entón acumúlanse 3 probas, a ordinaria e a extraordinaria + clasificación nun mes. Non é lóxico q nun mesmo mes, con 1 máximo de 1 ou dúas semanas de diferenza sexa a recuperación. O alumnado en tan pouco tempo non vai ter tempo para mellorar. O calendario de xuño é moi apertado. Se hai oposicións se solapan probas e oposicións. Os membros dos tribunais terían que ser substituídos por profes de apoio. De novo, vexo problemas de formación porque os interinos e substitutos veteranos que si coñecen ben as EOIs van ás opos.

- En canto ás probas de certificación, A2 e B1 deberían estar unificados. Non ten sentido que recibindo o mesmo título unhas probas poidan ser máis difíciles nunha escola que noutras.
- A probas de clasificación fanse entre a convocatoria ordinaria e extraordinaria en xuño, deixaron de ser en setembro, polo que se perde moito alumnado, sobre todo erasmus, que están fóra ata xuño. A isto hai que engadir que moita xente decide que actividade vai facer a principios de curso non antes do verán, e cando chegan a setembro xa non pode facer esta proba de clasificación, isto é un despropósito porque se perde alumnado.
- Outro problema foi o seguinte: os exames do alumnado libre de febreiro dos distintos idiomas foron en moitos casos en sedes distintas. Por exemplo: un alumno que quixese facer a certificación en galego e en portugués, igual tiña que acudir o mesmo día a EOIs distintas e cunha marxe de 30 minutos. Iso obrigou aos departamentos para cambiar de data algunhas probas orais. Outro problema de que as probas de certificación fáganse en distintas sedes é que un alumno de Pontevedra igual ten que ir facer o exame en Ourense. Hai que ter en conta que se poden presentar menores (14 anos) que dependen dos seus pais para o transporte. Os pais traballan e polo menos dous días teñen que desprazarse. Iso non parece apropiado.

Nos idiomas minoritarios o alumnado oficial por mor dos exames libres tiveron que ir a clases en liña por falta de espazo e os alumnos non estaban de acordo porque se matricularon en presencial. Non se pensou nos problemas técnicos, en si o alumnado oficial tiña ordenador, en alumnado con necesidades educativas especiais. Houbo problemas de conexión e alumnado que no contaban cos recursos técnicos necesarios. Hay q ter en

cuenta que hai alumnado de todas as idades. Así mesmo, os alumnos de francés inglés galego e portugués oficiais despois de nadal tiveron exames de progreso (pérdese clases) a continuación perderon clases porque as súas profes estaban a administrar exames libres. Entre unhas cousas e outras, perderon moitísimas clases (un mes mínimo).

- Tamén se perdeu alumnado oficial porque ao perder tantas clases desanimaronse e tiraron a toalla.
- Reclamación de matrícula reducida para los parados de larga duración.
- Deberíase iniciar as xestións para que los títulos de las escuelas de idiomas estean homologados a nivel europeo.
- Sesiones de estandarización a nivel nacional entre comunidades para facilitar a mobilidade do alumnado e que se homoxeinicen as probas, por exemplo a mediación nalgunhas comunidades teñen mediación interlingüísticas e noutras intralingüística, unas utilizan o español e outras non, isto sería interesante unificalo a nivel nacional.